



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 – FRADES (A Coruña)

Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579

e-mail: correo@frades.gal

NOTIFICACIÓN DE ACORDO DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Comunícolle que, con data 27-05-2024 o Alcalde - Presidente ditou a seguinte resolución con número 138/2024 que de seguido se transcribe:

“DECRETO DA ALCALDÍA

Asunto: CONVOCATORIA DE SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DO DÍA 30 DE MAIO DE 2024.

EXPEDIENTE: 2024/G010/000005

Considerando o disposto nos artigos 21.1 c) e 46,2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, artigo 210.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e o acordo do Pleno da Corporación adoptado na sesión extraordinaria de data trinta de xuño de 2023.

ACORDO:

Primeiro. Convocar a sesión ordinaria do Pleno, que terá lugar na Casa do Concello o vindeiro día **30 de maio de 2024 (xoves) ás 12:30 horas**, coa seguinte orde do día:

PARTE I: ADOPCIÓN DE ACORDOS

- 1º. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria de data 04-04-2024 e da acta da sesión extraordinaria de data 15-05-2024.
- 2º. Delegación de competencias do Pleno na Xunta de Goberno Local.
- 3º. Ordenanza de axudas municipais de emerxencia social do Concello de Frades.

PARTE II: CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO

- 4º. Decretos da Alcaldía e comunicacións.
- 5º. Dación de conta de asuntos económicos.
- 6º. Mocións de urxencia.
- 7º. Rogos e preguntas

Segundo. Notificar este decreto aos/ás Srs./Sras. Concelleiros/as e publíquese no taboleiro de anuncios do Concello.

Frades, asinado dixitamente na data que figura na marxe polo alcalde Roberto Rey Martínez ante min, a secretaria, que asino aos únicos efectos de fe pública.”
Comunícaselle isto para o seu coñecemento e para os efectos oportunos, e fágolle saber que este acordo é definitivo na vía administrativa e que contra el poderá formular un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 – FRADES (A Coruña)
Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579
e-mail: correo@frades.gal

seguinte a esta notificación, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña na forma prevista pola Lei reguladora da dita xurisdición, do 13 de xullo de 1998. Tamén poderá interpor, con carácter potestativo e previo ao expresado recurso contencioso-administrativo, un recurso de reposición ante o órgano que ditou esta resolución no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao que reciba esta notificación, en cuxo caso non poderá interpor o recurso contencioso-administrativo se non é dentro dos prazos fixados pola mencionada lei, desde que lle sexa notificada a resolución expresa ou desde que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto; esta desestimación presunta producirase se transcorre un mes sen que se ditase e notificase a resolución do recurso de reposición. Porén, advírtolle que poderá utilizar calquera outro recurso se o cre conveniente.

Frades, luns 27 de maio de 2024

Documento asinado dixitalmente pola Secretaria Dona María Lourdes Castro Pena

